MARTA GIRALDEZ BARRAL (1 para 1)
Presidenta
Data de Sinatura: 20/07/2021
HASH: 92b94278e9c2b531e883a30362b54e0e

CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO PARA A INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE XERACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICO NA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGA DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

PROCEDEMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN URXENTE. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

ORZAMENTO BASE: 49.586,78 €; IVE: 10.413,22 €; TOTAL: 60.000,00 €

PROVIDENCIA DA PRESIDENCIA

Vista a Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen os criterios de repartición e se establecen as base reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vista a Resolución, con data de 30 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Administración Local pola que se acorda conceder á Mancomunidade do Salnés unha subvención para o proxecto denominado: "SALNES MEDIOAMBIENTAL IX: instalación dun sistema de xeración solar fotovoltaico na estación de bombeo de auga da mancomunidade", por importe de 39.000,00 € (IVE incluído) sobre un investimento de 60.000,00 €, dos cales 21.000,00 € son financiados pola Mancomunidade do Salnés.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación da subministración dun sistema de xeración solar fotovoltaico na estación de bombeo da Mancomunidade do Salnés.

Por todo isto, **DISPOÑO:**

PRIMEIRO.-

Ordenar a incoación de expediente de contratación do subministro, por procedemento aberto, para a instalación dun sistema de xeración solar fotovoltaico na estación de bombeo de auga potable da Mancomunidade do Salnés.

O obxecto do contrato non se pode dividir por lotes polo carácter tecnolóxico e especializado da acción e, a realización das actuacións, deberán estar xustificadas antes do 31 de outubro do 2021.

SEGUNDO.-

Que a intervención emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente para os efectos de determinar o órgano competente para contratar, así como a aplicación presupostaria.

TERCEIRO.-

Que a secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir, así como a redacción do prego de cláusulas administrativas particulares.

Á vista das características e do importe do contrato proponse a adxudicación mediante procedemento aberto de subministracións, de conformidade co previsto no artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen

Cod. Validación: AHWQ7PLL9YW97SKE7K5ZGRQPK | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 2

ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,
Marta Giráldez Barral.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: AHWQ7PLL9YW97SKE7K5ZGRQPK | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 2